

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE LOBEIRA, MUÍÑOS, PADRENDA, A PORQUEIRA, QUINTELA DE LEIRADO, RAIRIZ DE VEIGA, RAMIRÁS, SANDIÁS, SARREAUS E Verea PARA A POSTA EN MARCHA NESTES CONCELLOS DUN SERVIZO DE BIBLIOTECA MÓBIL

Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Neste sentido, no seu artigo 16 establece que lle corresponde a proposta e definición das condicións técnicas das instalacións e servizos utilizados nas bibliotecas de uso público, así como dos proxectos de creación de novas bibliotecas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Ademais establece que as mallas de territorio que non sexan atendidas por bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas locais deberán ser obxecto de atención por servizos bibliotecarios móbiles.

O artigo 16 da citada lei establece que os núcleos de menos de 2.000 habitantes poderán ser atendidos por servizos bibliotecarios móbiles, que teñen como finalidade ofrecer o servizo de lectura pública en zonas onde non haxa punto de servizo fixo.

Con este fin, en 2023 púxose en marcha un servizo de biblioteca móbil en dez concellos de Ourense e outros dez da provincia de Lugo. Preténdese agora implantar este servizo noutra agrupación de concellos da provincia de Ourense.

Descrición da operación

Preténdese formalizar un convenio que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e dez concellos da provincia de Ourense de menos de 2.000 habitantes, nos que se implementará o segundo servizo de biblioteca móbil na provincia.





Obxectivo do convenio

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a posta en marcha dun servizo de biblioteca móbil dentro da Rede de Bibliotecas de Galicia que atenderá ao ámbito territorial dos concellos asinantes, así como o establecemento dos dereitos e das obrigas que, derivadas da dita posta en marcha, lles corresponden a cada unha das partes asinantes.

O servizo de biblioteca móbil é o instrumento que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon ao dispor dos concellos asinantes coa finalidade de mellorar a carta de servizos que ofrecen á veciñanza no seu conxunto.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución deste convenio non supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes diferentes aos que poidan asumir a través dos seus medios propios e mediante as aplicacións orzamentarias ordinarias que faciliten o seu funcionamento.

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos orzamentos actuais nin terá repercusión en exercicios futuros. Os gastos derivados da posta en marcha da biblioteca móbil instrumentaranse a través dos correspondentes procedementos e instrumentos xurídicos con cargo aos orzamentos ordinarios da Consellería.

Xustificación da necesidade de asinar o convenio

Por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude maniféstase especial interese en asinar este convenio co obxecto de establecer o marco de colaboración da Xunta de Galicia cos concellos asinantes para a posta en marcha do servizo de biblioteca móbil, para que estes poidan mellorar a carta de servizos que ofrecen á veciñanza no seu conxunto.

A Xunta de Galicia comprométese a implantar e manter o servizo, dotalo dos recursos que sexan necesarios para o seu correcto funcionamento, sen prexuízo das obrigas que lle correspondan aos concellos,. Así mesmo coordinará cos concellos asinantes os aspectos necesarios para acadar a prestación de servizos bibliotecarios de calidade no seu territorio e obrígase a colaborar solidariamente e intercambiar toda a información que atinxe á posta en marcha do servizo.

Pola súa parte, os concellos asinantes poñen de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do servizo de biblioteca móbil e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias.

Os concellos comprométense a colaborar coa consellería e co resto de concellos asinantes na posta en marcha do servizo, prestar apoio loxístico e funcional





municipal ao servizo de biblioteca móbil, dar cobertura municipal ao servizo para permitir o seu normal desenvolvemento, comunicar todas cantas modificacións ou incidencias que se produzan no territorio municipal en relación ao servizo e nomear unha persoa interlocutora entre o servizo, o concello e a consellería.

Ademais, de entre o grupo de concellos asinantes establecerase un que funcionará como base loxística do servizo bibliotecario móbil, ao que lle corresponden as obrigas xerais e ademais asumirá obrigas específicas: dotar a biblioteca móbil dun espazo municipal onde establecer a base do servizo para toda a comarca e que funcione como oficina, proporcionar un espazo municipal para garaxe, asumir os gastos correntes que se xeren nos espazos municipais empregados pola biblioteca móbil, prestar asistencia a través de medios propios para garantir a recollida e envío de materiais da biblioteca móbil e coordinar os servizos municipais para a resolución de incidencias que poidan xurdir nos espazos municipais nos que se preste o servizo.

Normativa aplicable:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Artigo 24 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 21 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das





consellerías da Xunta de Galicia.

Polo tanto, **trátase da formalización dun convenio que carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas económicas** por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Santiago de Compostela

O director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

